

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E SETE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e seis minutos do día vinte e sete de xaneiro de dous mil vinte e dous, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a. MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a. MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VERA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asiste á sesión o Sr concelleiro do grupo político do PSdeG-PSOE, don Miguel Suárez García.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS EN DATAS 28.10.2021, 25.11.2021 E 10.12.2021.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación as actas das sesións de datas 28 de outubro de 2021, 25 de novembro de 2021 e 10 de decembro de 2021, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

A continuación solicita o uso da palabra a Sra. Secretaria municipal quen, unha vez concedido, di que na acta da sesión realizada o día 25 de novembro de 2021 detectouse un erro cuxa dilixencia de corrección foi remitida coas actas que se someten a aprobación nesta sesión e que di o que de seguido se transcribe:

“(././...)

- Na páxina 5, liña 38, onde di: “Votos a favor: once (14), (././...), debe dicir “Votos a favor: catorce (14), (././...)”

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas das sesións de datas 28 de outubro de 2021, 25 de novembro de 2021 (coa corrección indicada pola Sra. Secretaria municipal) e 10 de decembro de 2021, sendo aprobadas por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas das sesións de datas 28 de outubro de 2021, 25 de novembro de 2021 (coa corrección indicada na correspondente dilixencia) e 10 de decembro de 2021.

C.I.F. P-1503100-H

2.- PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS TARIFAS DE AUTOTAXI PARA O ANO 2022.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do Sr. concelleiro delegado de Medioambiente, Obras e Servizos de data dezasete de xaneiro de dous mil vinte e dous (código de documento UME16I0089), ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Medio Ambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil, na sesión de data vinte de xaneiro de dous mil vinte e dous, que transcrita di:

“PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS TARIFAS DE AUTOTAXI PARA O ANO 2022

O artigo 40 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, sinala que as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi serán fixadas polos concellos ou, de ser o caso, polas entidades competentes das áreas territoriais de prestación conxunta, e as tarifas aplicables aos servizos interurbanos serán fixadas pola consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia.

Para fixar as referidas tarifas é preceptivo dar audiencia, previa á súa aprobación, ao Consello Galego de Transportes, en orden a recabar as consideracións que estime pertinentes.

Neste senso, deuse traslado ao Consello Galego de Transportes, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade – Dirección Xeral de Mobilidade, da proposta de tarifas presentada pola Asociación Local de Auto-Taxi de Culleredo en data 26/9/2019 que incorporaba un estudo económico no que fundamentaba a súa petición e a modificación das tarifas.

En data 3 de decembro de 2019, foi remitido certificado da secretaria da Comisión Especial de Transporte Público en Vehículos de Turismo do Consello Galego de Transportes, en relación coa proposta de tarifas urbanas de taxis deste Concello, na que se concretaba que logo da súa valoración, non se facía ningunha consideración.

En data 12/12/2019 rexistro 2019/14621, a Nova Asociación de Autotaxis de Culleredo, achegaba novamente estudo explicativo coas tarifas incluíndo no punto 11 "tarifas solicitadas co 10% de IVE engadido", o cal deuse traslado ao Consello Galego de Transportes, dependente da Consellería de Infraestruturas e mobilidade aos efectos da preceptiva audiencia que establece o artigo 40 da Lei 4/2013, do 30 de maio.

Non habendo recibido contestación ao escrito de 12/12/2019, con data 8/02/2021 rexistro 2021/968 reiterouse escrito á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia ao obxecto de que no prazo de 10 días a partir do recibo da presente comunicación se indicara se logo da súa valoración se facía algunha consideración o si pola contra poderíase continuar coa tramitación do expediente.

A Dirección Xeral de Mobilidade en data 10/6/2021, rexistro 6724/2021, en relación ao asunto: "audiencia do Consello Galego de Transportes en relación coa proposta da Asociación de Autotaxis de Culleredo sobre modificación de tarifas de autotaxi do Concello de Culleredo" comunicou que se pode continuar coa tramitación da modificación das tarifas aplicables aos servizos urbanos de taxi, sen que teña que pronunciarse o Consello Galego de Transportes, se ben se deberá remitirse o expediente á Comisión de Prezos de Galicia.

En data 11/6/2021, rexistro 2021/5530 se remite copia do expediente a Comisión de Prezos de Galicia, dependente da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación segundo dispón o último parágrafo do artigo 40.4 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia "a aprobación das tarifas está suxeita á lexislación vixente en materia de prezos, polo que deberá remitirse o expediente á Comisión de Prezos de Galicia, e que segundo establece o artigo 46 do Decreto 103/2018 do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, as tarifas aprobadas e/ou as súas revisións entrarán en vigor e serán exixibles ás persoas usuarias a partir do primeiro día de xaneiro do ano posterior ao da súa aprobación".

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo en data 14/6/2021, rexistro 6856/2021, en relación co asunto: "estudio económico da Asociación de taxis de Culleredo para a renovación das tarifas de aplicación urbana, comunicou que para os efectos de completar o expediente requírese a presentación da seguinte documentación:

- Certificado do acordo plenario onde se aproban provisionalmente as novas tarifas.
- Xustificación de ter sido oídos no prazo de 15 días hábiles as asociacións profesionais de empresarios e traballadores e as de consumidores e usuarios representativas do sector.

Con data 27/9/2021 comunicouse a certificación do acordo do Pleno municipal da sesión ordinaria de data vinte e nove de xullo de dous mil vinte e un á NOVA ASOCIACION DE AUTOTAXIS DE CULLEREDO, código de documento UME15S037K, no que se lle concedeu audiencia por prazo de 15 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación do acordo para que efectectuara as alegacións e consideracións que estimaran pertinentes.

Con data 27/09/2021 comunicouse a certificación do acordo do Pleno municipal da sesión ordinaria de data vinte e nove de xullo de dous mil vinte e un á FEDERACION ASOCIACIONES EMPRESARIAIS AS MARIÑAS código de documento UME15S037I, no que se lle concedeu audiencia por prazo de 15 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación do acordo para que efectectuara as alegacións e consideracións que estimaran pertinentes.

Con data 30/09/2021 comunicouse a certificación do acordo do Pleno municipal da sesión ordinaria de data vinte e nove de xullo de dous mil vinte e un á ASOCIACION DE EMPRESARIOS DA HOSTALERIA, código de documento

UME15S037H, no que se lle concedeu audiencia por prazo de 15 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación do acordo para que efectectuara as alegacións e consideracións que estimaran pertinentes.

Con data 27/09/2021 comunicouse a certificación do acordo do Pleno municipal da sesión ordinaria de data vinte e nove de xullo de dous mil vinte e un á ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE CULLEREDO, código de documento UME15S037G, no que se lle concedeu audiencia por prazo de 15 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación do acordo para que efectectuara as alegacións e consideracións que estimaran pertinentes.

Con data 30/09/2021 comunicouse a certificación do acordo do Pleno municipal da sesión ordinaria de data vinte e nove de xullo de dous mil vinte e un á ACOUGA - ASOCIACIÓN GALEGA DE CONSUMIDORES E USUARIOS UME15S0378, no que se lle concedeu audiencia por prazo de 15 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación do acordo para que efectectuara as alegacións e consideracións que estimaran pertinentes.

Con data 09/11/2021 a xefa do negociado de Rexistro e Padrón informou que non constaban alegacións por parte das seguintes entidades, código de documento URP15I0MDS:

NOVA ASOCIACION DE AUTOTAXIS DE CULLEREDO, FEDERACION ASOCIACIONES EMPRESARIAIS AS MARIÑAS, ASOCIACION DE EMPRESARIOS DA HOSTALERIA, ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE CULLEREDO e ACOUGA - ASOCIACIÓN GALEGA DE CONSUMIDORES E USUARIOS

Con data 22/12/2021, o director xeral de Comercio e Consumo, comunicou a resolución pola que se resolveu autorizar as novas tarifas para o transporte urbano en auto-taxi para Culleredo, código de documento, URP15E0PG2

Polo exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- A aprobación definitiva das tarifas de autotaxi para o ano 2022, que son as que a seguir se indican:

CONCEPTOS APLICABLES TARIFA 1	IMPORTE EN EUROS CO IVE (10%) ENGADIDO
Baixada bandeira	3,65 €
Km percorrido	1,18 €
Hora de espera	19,00 €
CONCEPTOS APLICABLES TARIFA 2	IMPORTE EN EUROS CO IVE (10%) ENGADIDO
Baixada bandeira	4,55 €
Km percorrido	1,37 €
Hora espera	23,00 €
SUPLEMENTOS PARA AMBAS TARIFAS	IMPORTE EN EUROS CO IVE (10%) ENGADIDO
Traslado de cans / gatos	0,80 €
Ocupación de maletreiro	0,80 €
Suplemento aeroporto	3,60 €
Suplemento nadal e fin de ano	2,00 €

APLICACIÓN DE TARIFAS E SUPLEMENTOS

TARIFA 1.- Aplicable en días laborables de 6:00 a 22:00 horas e sábados de 6:00 a 15:00 horas.

TARIFA 2.- Aplicable en días laborables de 22:00 a 6:00 horas, sábados desde as 15 horas ata as 24 horas e domingos, festivos, e días 24 e 31 de decembro as 24 horas.

Baixada bandeira TARIFA 1.- inclúe 1.750 metros ou tempo equivalente.

Baixada bandeira TARIFA 2.- inclúe 1.850 metros ou tempo equivalente.

Suplemento especial de Nadal e Noiteboa: O día 24 de decembro desde as 23:00 horas e atas as 6:00 horas do día 25 de decembro, e 31 de decembro desde as 23 :00 horas e ata as 10:00 horas do día 1 de xaneiro.

Suplemento municipal de Aeroporto, para os servizos con orixe no aeroporto e destino no termo municipal ou viceversa.

ADVERTENCIAS:

- Non se cobrará suplemento por levar cadeiras de persoas con discapacidade, de nenos, así como cans-guia,
- O usuario terá dereito ao transporte gratuíto dun vulto de equipaxe ou pertenza por persoa usuaria, conforme o disposto no artigo 24 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia:

“g) O transporte das súas equipaxes ou pertenzas, podendo portar gratuitamente no maleteiro do vehículo un vulto de equipaxe ou pertenza por persoa usuaria, coa limitación da capacidade do devandito maleteiro. Devanditas equipaxes ou pertenzas non poderán supoñer risco para a integridade das persoas ou do vehículo nin causar danos no seu interior, excepto no caso de animais de axuda ou auxilio a persoas cegas, con discapacidade visual ou con mobilidade reducida.”

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo quere reiterarse no dito no momento da aprobación provisional respecto da demora porque a primeira solicitude data do 26 de setembro do 2019 e a propia asociación, o 29 de xaneiro de 2021, tivo que recordallo ao goberno municipal; di que a aprobación provisional foi xa no mes de xullo e que desde setembro do 2019 ata agora van máis de dous anos de tramitación; di que entende que as tramitacións son lentas pero que o que ocorre neste expediente non é de recibo pois a día de hoxe o que procedería sería comezar cunha nova revisión pois os prezos dos carburantes e os prezos de determinados subministros dos automóviles xa non son os mesmos que fai dous anos, algo que os taxistas saben ben; di que aínda que o seu grupo se reitera no que xa dixo no momento da aprobación provisional vai votar a favor da proposta que se presenta neste punto porque o sector afectado necesita repercutir os custos nos prezos para acadar o equilibrio económico pero que quere deixar constancia da incapacidade do goberno municipal para xestionar este expediente nun prazo razoable e non sabe se a propia asociación valorará a posibilidade de pedir unha nova revisión.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que non é certo o que vén de dicir o Sr. Chouciño Garrido porque todo está perfectamente actualizado e consensuado coa asociación pois antes de traer ao pleno a proposta o goberno municipal reuniuse cos membros da asociación e foron eles os que estipularon os prezos tras a análise feita por parte da Xunta de Galicia e por parte do Concello de Culleredo; di que o feito de que se traia agora esta proposta é porque agora estase nunha fase de nova normalidade e as tarifas que afectan ao aeroporto non se vía moi adecuado modificalas nun momento en que tal infraestrutura non funcionaba; di que o que se presenta está perfectamente consensuado cos afectados e que, en calquera caso, hai un prazo de alegacións por se quixeran achegar algo.

A continuación solicita de novo o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, pregunta se o que non é certo é que a solicitude primeira é do 26 de setembro de 2019 porque iso é totalmente certo; pregunta se non é certo que o recordatorio da propia asociación é de 29 de xaneiro de 2021 porque iso é tamén totalmente certo; di que o seu grupo vai votar a favor porque os afectados necesitan repercutir o incremento dos custos nos prezos para non incurrir nun desequilibrio económico pero solicitan do equipo de goberno que asuma a crítica.

Responde o Sr. alcalde e di que, como xa dixo, todo está perfectamente consensuado coa Asociación de Taxistas de Culleredo e que as demoras que houbo non poden ser achacadas ao Concello de Culleredo.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. concelleiro delegado de Medioambiente, Obras e Servizos de data dezasete de xaneiro de dous mil vinte e dous, resultando aprobada por unanimidade dos Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA CONCELEIRA DELEGADA DE SEGURIDADE CIDADÁ E PERSOAL, DE DATA 2 DE DECEMBRO DE 2021, RELATIVA A DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO E DECLARACIÓN DA EXTINCIÓN DA RESPONSABILIDADE DISCIPLINARIA (EXPEDIENTE UPO/2018/19).

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación da resolución da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal, de data 2 de decembro de 2021, relativa a declaración de caducidade de expediente disciplinario e declaración da extinción da responsabilidade disciplinaria (expediente UPO/2018/19), que literalmente di:

“RESOLUCIÓN

Por Resolución da Concelleira de seguridade cidadá, recursos humanos e réxime interior de data 26/02/2018 (código documento UPO12I0059) resolveuse iniciar expediente disciplinario ao funcionario D. Manuel Vicente González González á vista dos seguintes feitos:

- Presunta realización de actividades privadas na empresa Palavella Construcciones y Promociones S.L., que podería ser constitutivo dunha falta moi grave tipificada no artigo 185.1 n) da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia, ou ben dunha falta grave en caso de que o incumprimento non supoña mantemento da situación de incompatibilidade, tipificada no artigo 186.1 k) da citada Lei.
- Presunta utilización de recursos oficiais para actividades privadas, podendo constituír unha falta grave tipificada no artigo 186.1 o) da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Presunta realización dentro da xornada laboral, de forma reiterada ou con ánimo de lucro, de actividades de carácter persoal ou profesional, conduta tipificada como falta grave no artigo 186.1 v) da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Presunto incumprimento da xornada laboral, podendo incorrer en falta grave tipificada no artigo 186.1 l) da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Pola citada resolución designouse como instructor do expediente a D. Roberto Babío Fernández e secretaria do expediente a Dona Montserrat Chorén Vilar.

Con data 16/03/2020 o funcionario D. Manuel Vicente González González se xubilou, polo que xa non ten a condición de empregado público.

Con data 22/11/2021 polo instructor do procedemento achégase proposta de resolución á Concelleira de seguridade cidadá e persoal (código documento UEH15I00FG) na cal se propón:

“En virtud de lo expuesto se emite la PROPUESTA DE RESOLUCIÓN del expediente seguido, contra quien en el momento de inicio de la instrucción del expediente era empleado municipal don Manuel Vicente González González, con D.N.I. 32.604.351 B, y de conformidad con lo establecido en losl artículos 189 y 190 de la Ley 2/2015 del empleo público de Galicia, a los hechos relatados en el punto Cuarto, procede imponer la sanción de suspensión firme de funciones por un período de quince días.”

Código do documento	Código do expediente
USG16I00KH	USG/2022/13
Código de Verificación Electrónica (COVE)  4X6D 4W30 1K6X 2V5X 0DD4	

Mediante escrito da Concelleira de seguridade cidadá e persoal de data 25/11/2021 devolveuse o expediente ao instructor aos efectos de que se practicara a dilixencia de remitir a proposta ao interesado conforme ao disposto no artigo 27.2 do Deceto 94/1991 de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réximen disciplinario dos funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Coa mesma data, e dada a extemporaneidade da proposta, pola Concelleira de seguridade cidadá e persoal solicitouse ao Xefe do Gabinete Técnico informe sobre o procedemento a seguir.

Con data 26/11/2021 emítese polo Xefe do Gabinete Técnico o informe requirido (código documento UPO15I01XO) no que se conclúe que *"Procedería esperar á que o instructor notifique a proposta ao interesado e remita novamente o expediente ao órgano resolutor, entendéndose que o expediente está caducado e a responsabilidade de D. Manuel Vicente González González, extinguida, por perder a súa condición de funcionario público por xubilación, sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal que lle poida ser esixida. Do resolto debería darse conta ao Pleno"*.

Con data 30/11/2021 o instructor do procedemento remite escrito á Concellira de seguridade cidadá (código documento UEH15I00HF) en relación ao solicitado por ela en data 25/11/2021.

Consideracións legais

Primeira.- O artigo 150.4 do Real Decreto Lexistlativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local dispón, en relación aos expedientes disciplinarios, que a súa tramitación se axustará ao que estableza a lexislación da Comunidades autónoma respectiva e supletoriamente o Regulamento disciplinario dos funcionarios da Administración Civil do Estado.

Neste sentido, no artigo 112 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia se regula o réxime disciplinario para o persoal das entidades locais, sendo de aplicación supletoria o disposto no capítulo IV da citada Lei. Tamén é de aplicación supletoria o Decreto 94/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réximen disciplinario dos funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda.- De acordo co disposto no artigo 192.5. da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, *"La duración máxima del procedimiento disciplinario será de un año. Vencido este plazo sin que se notifique la resolución que pusiera fin al procedimiento, se declarará de oficio la caducidad del mismo y se ordenará el archivo de las actuaciones. Los procedimientos caducados no interrumpen la prescripción de las faltas disciplinarias."*

Dadas as datas de inicio do expediente e da proposta da resolución o expediente debe entenderse caducado.

Terceira.- De acordo co disposto no artigo 197 da Lei 2/2015 quedou extinguida a responsabilidade disciplinaria de D. Manuel Vicente González González ao perder a súa condición de empregado público, sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal que lle poida ser esixida, segundo o disposto no artigo 12 do Decreto 94/1991.

Cuarta.- Segundo o artigo 212.4 da Lei 2/2015, deberá darse conta ao pleno da resolución do expediente disciplinario.

RESOLVO:

Primeiro.- Declarar a caducidade do expediente disciplinario aberto a D. Manuel Vicente González González por Resolución da Concelleira de seguridade cidadá, recursos humanos e réxime interior de data 26/02/2018, e ordenar o arquivo das actuacións, todo elo de acordo co disposto no artigo 192.5. da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Segundo.- Declarar extinguida a responsabilidade disciplinaria de D. Manuel Vicente González González por perda da súa condición de funcionario público dende o 16/03/2020 por xubilación, en virtude do disposto no artigo 197 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal que procedese e que lle poida ser esixida no seu caso.

Terceiro.- Notificar esta resolución ao interesado, ao denunciante, ao instructor e ao Pleno da corporación.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses."

4.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS.

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 646 resolucións numeradas da 2140 á 2597 do ano 2021 e da 1 á 187 do ano 2022, que se relacionan deseguido:

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-01-2022
2140	18/11/2021	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente 14670/2021 e máis.	
2141	18/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/174, por un importe total de 13.760,16€.	
2142	18/11/2021	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0178 contra H.V.M.	
2143	18/11/2021	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0179 contra B.L.G.	
2144	18/11/2021	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0180 contra C.C.M.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-01-2022
2145	18/11/2021	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0181 contra K.I.F.	
2146	18/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos Operación 220210016362, importe total 187.712,36€.	
2147	18/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/180, por un importe total de 6.292,42€.	
2148	19/11/2021	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 22-11-2021.	
2149	19/11/2021	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 24-11-2021.	
2150	19/11/2021	Aprobación do reintegro de remanente da subvención do Programa do fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña (PEL-REACTIVA), expediente 2020000033349-PEL REATIVA 2020. Importe a reintegrar 17.098,45€.	
2151	22/11/2021	Delegación funcións alcaldía por enfermidade no 2º tenente alcalde, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, 22-11-2021 (desde sinatura resolución) e delegación funcións alcaldía na 1ª tenente alcalde D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril desde 23-11-2021 ata reincorporación.	
2152	22/11/2021	Concesión PWACS GESTIÓN LOCAL SL ampliación 4 meses a contar desde 05-11-2021 execución contrato Asistencia técnica para levar a cabo traballos estudo, documentación, análise e descrición postos traballo e proposta relación postos traballo (RPT).	
2153	22/11/2021	Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal do día 25-11-2021.	
2154	23/11/2021	Desestimación do recurso de reposición presentado por J.G.T. en representación da empresa BURGO TRINITY SC fronte á resolución de pago de axudas PEL, a contía que lle corresponde a BURGO TRINITY SC ascende a 917,19€.	
2155	23/11/2021	Concesión a E.V.M. do servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana.	
2156	23/11/2021	Concesión a C.G.L. do servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana.	
2157	23/11/2021	Concesión a J.R.B. do servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de dúas horas á semana.	
2158	23/11/2021	Concesión a C.M.M. do servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de dúas horas á semana.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-01-2022
2159	23/11/2021	Concesión a M.E.C.N. do servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana.	
2160	23/11/2021	Concesión a N.V.G. do servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana.	
2161	24/11/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago das facturas correspondentes a bonos de alimentos e hixiene (Provedor: Mercartabria-Terceiro: M.C.L.V. e máis).	
2162	24/11/2021	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220210016933, importe total 1.573,00€.	
2163	24/11/2021	Concesión a M.S.R.G. dunha axuda económica para o pago do recibo de auga do 4º trimestre de 2020 (57,36€) e máis recibos.	
2164	24/11/2021	Concesión a M.V.A.C. dunha axuda económica para o pago do recibo de auga do 4º trimestre de 2020 (89,88€) e máis recibos.	
2165	24/11/2021	Denegación a M.C.S.G. das axudas para abono de recibos de subministracións e bono de alimentos.	
2166	24/11/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a A.G.R. do 3º trimestre de auga de 2021 (78,66€) e máis recibos.	
2167	24/11/2021	Concesión a C.V.V. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€ (meses de xuño a outubro de 2021).	
2168	24/11/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.J.S.T. do recibo de luz correspondente a factura do 17-10-2021 por un importe de 32,24€.	
2169	24/11/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a Y.G.C. de 628,10€ correspondente ao recibo de auga do 1º trimestre de 2021 (70,62€) e máis recibos.	
2170	24/11/2021	Concesión a M.C.D.T. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€ (meses febreiro, marzo e parte de abril de 2021).	
2171	24/11/2021	Aprobación recibos liquidación cotizacións normais L00 seguridade social (RLC) para período liquidación seguridade social (RLC) correspondentes nóminas empregados públicos Concello setembro 2021, importe líquido 148.347,58€. Consta dilixencia secretaria.	
2172	25/11/2021	Concesión a K.M. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€ (meses de abril a agosto 2021).	
2173	25/11/2021	Denegación a P.I.P. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
2174	25/11/2021	Concesión a F.S.I. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-01-2022
2175	25/11/2021	Concesión a C.A.G. dunha axuda económica para o pago de recibos de auga do 2º e 3º trimestre de 2021 por importe de 141,23€	
2176	25/11/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a J.A.S.T. do recibo de auga do 3º trimestre de 2021 (70,62€).	
2177	25/11/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a C.P.A.A. do 3º trimestre de auga do 2021 por un importe de 95,97€.	
2178	25/11/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/189, por importe total 44.889,10€.	
2179	25/11/2021	Autorización, disposición, recoñecemento de obriga e ordenación do pago da factura Operación 220210016631, por importe total de 352,00€.	
2180	25/11/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/186, por importe total 100.303,97€.	
2181	25/11/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/191, por importe total 40.035,63€.	
2182	25/11/2021	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220210016948, importe total 1.593,72€.	
2183	25/11/2021	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220210016945, importe total 2.137,89€.	
2184	25/11/2021	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220210016986, importe total 17.908,00€.	
2185	25/11/2021	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220210016988, importe total 17.968,50€.	
2186	25/11/2021	Autorización, disposición, recoñecemento da obriga e ordenación do pago do gasto "Dietas asistencia comisión valoración proceso selectivo" (Técnico de turismo 2020). Consta dilixencia secretaria.	
2187	25/11/2021	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente 23546/2021 e máis.	
2188	25/11/2021	Autorización, disposición, recoñecemento da obriga e ordenación do pago do gasto "Dietas asistencia comisión valoración proceso selectivo" (Técnico de turismo 2021). Consta dilixencia secretaria.	
2189	25/11/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a A.R.A.S. de 99,01€ correspondente a recibos de luz do 20-09-2021 e máis recibos.	
2190	25/11/2021	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0183 contra C.R.G.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-01-2022
2191	25/11/2021	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0184 contra A.I.G.R.	
2192	25/11/2021	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0187 contra M.F.C.P.	
2193	25/11/2021	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0190 contra A.I.G.R.	
2194	25/11/2021	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0191 contra C.R.G.	
2195	25/11/2021	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0192 contra A.P.C.	
2196	25/11/2021	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0193 contra Y.G.P.	
2197	25/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/190, importe total 252,72€.	
2198	25/11/2021	Baixa de M.I.P.G. no servizo municipal de Axuda no fogar.	
2199	25/11/2021	Baixa no servizo municipal de Axuda no fogar de C.O.S.R.	
2200	25/11/2021	Baixa no servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria L.A.A.	
2201	25/11/2021	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0189 contra S.V.C.	
2202	25/11/2021	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0177 contra M.F.C.P	
2203	25/11/2021	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0182 contra A.S.R.	
2204	25/11/2021	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0185 contra S.V.C.	
2205	25/11/2021	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0186 contra Y.G.P	
2206	25/11/2021	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0188 contra A.S.R.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-01-2022
2207	25/11/2021	Levantamento reparo formulado pola intervención xeral e avocación competencia para aprobación, disposición, recoñecemento dos gastos e orde de pagos relacionados O/2021/185 por un importe total de 162,01€.	
2208	26/11/2021	Aprobación certificación número 1 da obra "Reforma e ampliación del centro cívico y social de Sueiro". Contratista adxudicatario: IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL. Total certificación (IVE engadido): 0,00€.	
2209	26/11/2021	Aprobación certificación número 2 da obra "Acondicionamiento polideportiva descubierta Os Pelamios". Contratista adxudicatario: IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL. Total certificación (IVE engadido): 5.795,08€.	
2210	26/11/2021	Aprobación certificación número 4 da obra "Adecuación do campo de fútbol do C.E.I.P. de Tarrío". Contratista adxudicatario: CANARGA SL. Total da certificación (IVE engadido): 113.342,29€.	
2211	26/11/2021	Aprobación certificación número 1 da obra "Renovación del parque infantil de la Plaza Europa". Contratista adxudicatario: GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL. Total certificación (IVE engadido): 5.187,52€.	
2212	26/11/2021	Aprobación certificación número 3 da obra "Reparación no depósito da Corveira". Contratista adxudicatario: ESPINA & DELFIN SL. Total da certificación (IVE engadido): 32.983,47€.	
2213	26/11/2021	Aprobación certificación número 2 e última da obra "Acondicionamiento polideportiva descubierta del paseo marítimo de O Burgo, Culleredo". Contratista adxudicatario: BCNOR gestión y soluciones avanzadas, SL Total certificación (IVE engadido): 36.748,50€.	
2214	26/11/2021	Aprobación certificación número 2 da obra "Acondicionamiento de polideportiva descubierta en Peiro de Arriba". Contratista adxudicatario: IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL. Total da certificación (IVE engadido): 8.514,69€.	
2215	26/11/2021	Aprobación certificación número 2 da obra "Acondicionamiento polideportiva descubierta en A Corveira" . Contratista adxudicatario: IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL. Total da certificación (IVE engadido): 6.118,20€.	
2216	26/11/2021	Anulación liquidación practicada consumo auga M.C.M.L. no domicilio na Av. Vilaboa correspondente 4º trimestre 2021 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>55 m3/trim.) serán os establecidos para o 2º tramo 0,66 €/m3.	
2217	26/11/2021	Aceptación parcial reclamación OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU en relación factura pagada correspondente certificación núm. 3 (expte. UCP/2017/118), unha vez actualizados datos.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-01-2022
2218	26/11/2021	Concesión a M.L.H.G. dunha axuda económica para o pago do recibo de auga, por importe de 178,52€, correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2021 e para o pago de máis recibos	
2219	26/11/2021	Concesión a B.F.R. do Servizo municipal de Teleasistencia Domiciliaria.	
2220	26/11/2021	Extinción do servizo municipal de Xantar na Casa de C.P.P.	
2221	26/11/2021	Concesión a J.M.M.T. dunha axuda económica para o pago do recibo de auga do 1º, 2º e 3º trimestre de 2021 por importe de 277,90€ e máis recibos.	
2222	26/11/2021	Concesión a J.A.M.B da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
2223	26/11/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a T.C.V. do recibo de gas de data 06/08/2021 (16,26€) e máis recibos.	
2224	26/11/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago do recibo de auga 3º trimestre de 2021 (60,08) e máis recibos a M.C.L.V.	
2225	26/11/2021	Concesión a A.M.D.R. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€ (meses de febreiro, marzo e abril 2021).	
2226	26/11/2021	Denegación a T.R.R.R. das axudas para abono alugueiro.	
2227	26/11/2021	Denegación a Y.M.B.L das axudas para abono de alugueiro.	
2228	26/11/2021	Concesión a M.F.A.S do bono alimentos tipo C e bono hixiene tipo B durante 6 meses.	
2229	26/11/2021	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para subministro eléctrico RBTS vivenda situada no lugar de Laxe, Rutis.	
2230	26/11/2021	Concesión a M.R.F da licenza municipal obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Juana Capdevielle.	
2231	26/11/2021	Denegación devolución da cantidade de 63€ ingresada en concepto de Prezo público por Mañás de campamento: Campamentos que concilian a C.E.S.M.	
2232	26/11/2021	Acceso ao expediente UAU/2017/616 a O Castro British School A Coruña.	
2233	26/11/2021	Declaración deserta licitación por negociado do contrato de obra para "Alugamento de elementos decorativos de Nadal 2021/2022" ao non terse presentado ningunha oferta.	
2234	26/11/2021	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 29-11-2021.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-01-2022
2235	26/11/2021	Aprobación nóminas dos empregados públicos deste concello correspondente ao mes de novembro de 2021 excepto da empregada R.S.T. Consta dilixencia secretaria.	
2236	26/11/2021	Adxudicación da execución da obra "renovación do parque infantil de Peiro" incluída no POS+2019, ADICIONAL 1/2019 á empresa JARDINCELAS SL, fixando o prezo en 37.212,07 € IVE engadido.	
2237	26/11/2021	Concesión a J.M.V.V. da licenza de primeira ocupación que solicitou para unha vivenda unifamiliar situada no Lugar de Celas.	
2238	26/11/2021	Aprobación asignacións que corresponden concelleiros/as Corporación por asistencia sesións de Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xuntas de Voceiros durante o mes de setembro de 2021 por importe 9.450€. Consta dilixencia secretaria.	
2239	26/11/2021	Aprobación dos recibos de liquidación de cotizacións normais L00 da seguridade social (RLC) para o período de liquidación da seguridade social (RLC) correspondentes ás nóminas dos empregados públicos do concello outubro 2021. Consta dilixencia secretaria.	
2240	26/11/2021	Desestimación recurso de reposición presentado por C.J.G.N contra a resolución de data 28 de xuño de 2021 pola que se denega a solicitude de modificación do tipo de gravame regulado na ordenanza fiscal 14, reguladora da taxa por distribución de auga.	
2241	29/11/2021	Baixa con efectos do ano 2022 da licenza municipal número 368 da reserva de espazo de entrada e saída de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública pertencente ao local situado na Avda. Vilaboa, titularidade de J.L.E.E.	
2242	29/11/2021	Declaración desestimento da solicitude da Tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade de M.A.N.V.	
2243	29/11/2021	Desestimación reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por E.R.O contra o Concello de Culleredo ao non existir nexo causal respecto dos danos nin ter acreditado o resultado lesivo cuxa indemnización se pretende.	
2244	29/11/2021	Autorización uso especial por SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAFOS terreos dominio público municipal afectados para instalación nova ubicación de buzóns depósito para o uso do persoal de reparto da capital, rúas: Breogán 1, Regueiro 68 e A Ermida 2.	
2245	29/11/2021	Concesión a Cáritas Diocesana de Santiago licenza municipal de obras para cambio de uso de local en planta baixa de edificio vivendas existente e adecuación do mesmo para vivenda comunitaria de maiores na rúa Fernando Pérez de Traba núm. 12, O Burgo.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-01-2022
2246	30/11/2021	Aprobación das indemnizacións por razón de servizo a J.A.G.C realizados durante os días 28 e 29 de maio 2019 e os días 3 e 4 de outubro de 2019. (Consta dilixencia secretaria).	
2247	30/11/2021	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do 03-12-2021.	
2248	30/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/181, por un importe total de 3.097,95€.	
2249	30/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/182, por un importe total de 1.149,50€.	
2250	30/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para adxudicación do contrato para a execución da obra "Rehabilitación del pavimento en rúa Cubo y accesos a instalaciones deportivas en Culleredo".	
2251	30/11/2021	Levantamento reparo suspensivo formulado Intervención xeral e avocación da competencia para adxudicar o contrato para a execución do servizo denominado "Servizo urxente de limpeza e roza en vías e camiños de titularidade municipal".	
2252	30/11/2021	Levantamento reparo suspensivo formulado Intervención xeral e avocación competencia para adxudicar o contrato para execución subministro "Renovación elementos de carpintería por homologación: ingletadora VIRUTEX- 1 unidade, compresor Ferritools 3.0...	
2253	30/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento e ordenación dos pagos O/2021/179, por un importe total de 2.692,91€.	
2254	30/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento e ordenación dos pagos O/2021/184, por un importe total de 64.202,90€.	
2255	30/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento e ordenación dos pagos O/2021/187, por un importe total de 608,39€.	
2256	30/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento e ordenación dos pagos O/2021/188, por un importe total de 44.460,92€.	
2257	30/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento e ordenación dos pagos O/2021/192, por un importe total de 1.169,76€.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-01-2022
2258	30/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento e ordenación dos pagos O/2021/193, por un importe total de 3.672,71€.	
2259	30/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento e ordenación dos pagos O/2021/194, por un importe total de 2.960,71€.	
2260	30/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento e ordenación dos pagos O/2021/195, por un importe total de 329.124,89€.	
2261	30/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento e ordenación dos pagos O/2021/196, por un importe total de 3.007,69€.	
2262	30/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento e ordenación dos pagos O/2021/197, por un importe total de 2.375,70€.	
2263	30/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos Operación 220210016237, por un importe total de 2.361,03€.	
2264	30/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos Operación 220210016296, por un importe total de 929,28€.	
2265	30/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos Operación 220210016947, por un importe total de 782,10€.	
2266	30/11/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos Operación 220210016989, por un importe total de 46.094,95€.	
2267	30/11/2021	Levantamento do reparo suspensivo formulado Intervención Xeral e avocación da competencia para adxudicación do contrato para execución subministro "Aluguer 6 corpos de andamios con catro patas, catro crucetas e catro tablóns por un período de 9 meses".	
2268	30/11/2021	Levantamento reparo UIT15I011N Intervención xeral e orde de continuación coa tramitación do expediente. (Concesión gratificación servizos extraordinarios diversos membros da Policía Local). Consta dilixencia secretaria.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-01-2022
2269	30/11/2021	Aprobación certificación núm. 3 da obra "Instalación de red de saneamiento R/. Canabal, R/. do Concello e R/. Manuel Andrés Reboredo", Contratista adxudicatario: Construcciones Pan y Díaz SL. Total certificación (IVE engadido): 5.142,37€.	
2270	30/11/2021	Apertura prazo presentación de solicitudes participación na Campaña da Neve do 1 ao 14 de decembro de 2021 ambos os dous incluídos.	
2271	30/11/2021	Aprobación indemnizacións por razóns de servizo de A.I.V. realizados os días 8 e 9 de abril de 2019. Consta dilixencia secretaria.	
2272	30/11/2021	Baixa no servizo municipal de axuda no fogar de M.A.G.L.	
2273	01/12/2021	Aceptación do desestimento da solicitude do servizo municipal de Xantar na Casa formulado por M.C.G. e J.R.G.	
2274	01/12/2021	Persoamento en nome do Concello de Culleredo como demandado ante o Xulgado do Social núm. 7 da Coruña no Procedemento derecho concilia vida personal, fam y laboral 758/2021.	
2275	01/12/2021	Concesión a B.R.T. do servizo municipal de axuda no fogar e do Xantar na Casa.	
2276	02/12/2021	Autorización, disposición, recoñecemento da obriga e ordenación do pago da achega do promotor ao plan de pensións "Empregados Concello Culleredo" ano 2021.	
2277	02/12/2021	Declaración caducidade expediente disciplinario aberto M.V.G.G., orde arquivo actuacións e declaración extinción responsabilidade disciplinaria por perda condición funcionario dende 16/03/2020 por xubilación. (Consta nota informativa secretaria 87/2021).	
2278	02/12/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/198 (COVID). Total: 13.500,63€.	
2279	02/12/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/199. Total: 13.022,00€.	
2280	02/12/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obriga e ordenación do pago da factura Operación 220210017621 por importe de 155,25 €	
2281	02/12/2021	Corrección erro na resolución da concellería delegada de Seguridade Cidadá e Persoal do 26 de novembro de 2021 (código de documento UPO15I01XQ).	
“Enrique Antón Chouciño Garrido, na súa cualidade de Voceiro do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa lexislación en vigor e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo,

Expón:

Por cuestións de dispoñibilidade, queremos actualizar a representació do noso grupo na comisión de MEDIOAMBIENTE, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, PERSOAL, MOCIDADE, VOLUNTARIADO E PROTECCIÓN CIVIL.

Por todo o exposto,

DESIGNA A adscrición dos seguintes representantes:

COMISIÓN	Titular	Suplente
MEDIOAMBIENTE, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, PERSOAL, MOCIDADE, VOLUNTARIADO E PROTECCIÓN CIVIL	Beatriz Pérez Mosquera	Gonzalo Méndez Mosquera (ata este momento era Enrique Antón Chouciño)

“

12.- DACIÓN DE CONTA DA SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A FUNDACIÓN SANTIAGO APÓSTOL DE CIENCIAS SOCIALES (ENTIDADE XURIDICA TITULAR DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL) E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DE TITULACIÓNS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO OFICIAL IMPARTIDAS POLA ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL.

A Presidencia dá conta da sinatura dun convenio de colaboración educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais (entidade xurídica titular da Escola Universitaria de Traballo Social) e o Concello de Culleredo para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado de titulacóns de grao e máster universitario oficial impartidas pola Escola Universitaria de Traballo Social.

13.- MOCIÓN URXENTES

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

14.- ROGOS E PREGUNTAS

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que desde o seu grupo político queren facer dous rogos ou dúas preguntas sendo o primeiro deles un rogo na rúa Montes porque os veciños desa zona manifestaron os problemas que hai de asfaltado nesa zona enviando fotos con problemas de bacheado, queixándose tamén da falta de medidas de seguridade porque os vehículos pasan a grande velocidade por esa zona e algún deles incluso vai en sentido contrario ao da marcha de circulación; di que no dito lugar hai unha escola infantil e roga que o goberno municipal tome nota deste asunto e se faga algo ao respecto desde o Concello de Culleredo.

Segue a súa intervención o Sr. Mourelle Botana e di que o seu grupo político quere preguntar tamén pola data en que o equipo de goberno ten pensado presentar os orzamentos no pleno porque a data de 27 de xaneiro non hai constancia aínda dos ditos orzamentos.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que atende o rogo relativo aos problemas mencionados na rúa Xoa Montes e que se farán as comprobacións oportunas desde a Policía Local para incrementar alí a vixilancia.

Segue a dicir o Sr. alcalde-presidente que, respecto do presuposto, o equipo de goberno ten intención de traelo ao pleno aproximadamente na semana do día 11, facendo un pleno extraordinario, monográfico, sobre o orzamento municipal, que ascenderá no 2022 a 27,7 millóns de euros; di que se agarda para traelo ao pleno conxuntamente co POS, co Plan de Obras e Servizos.

O Sr. Mourelle Botana pregunta se a idea do Sr. alcalde é levar ao mesmo pleno o orzamento municipal e o POS.

Responde afirmativamente o Sr. alcalde-presidente e di que o POS xa se inclúe no propio presuposto e así xa queda aprobado.

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que o seu grupo quere expoñer nesta sesión dous rogos, referíndose o primeiro a que, como todos saben, o pasado mes de agosto celebrouse no Paseo Marítimo do Burgo o Morriña Festival, un festival musical con seis concertos organizados por unha empresa privada e que, dentro da documentación requirida para a autorización da actividade para a cesión do espazo público, a empresa presenta un estudo económico financeiro, é dicir, un plan para declarar que dita actividade económica e empresarial é viable, indicando nese documento a empresa que conta cun orzamento de 306.000 euros e que prevé acadar un beneficio de algo máis de 70.000 euros pola facturación do evento; di que o Morriña Festival contou co patrocinio do Concello de Culleredo e que en reiteradas ocasións o grupo político do BNG, tanto en Comisións como no Pleno, solicitou que se lle aclarasen os termos dese patrocinio e ter acceso ao mesmo, podendo comprobar no expediente referido a dito festival que non existe documento ningún que faga referencia ao antedito patrocinio e nin tan sequera a unha autorización ou licenza como tal por parte do Concello de Culleredo que permitise a súa celebración.

Segue a dicir o Sr. Méndez Mosquera que o grupo político do BNG só tivo acceso ao dito expediente durante os dous días previos ao inicio do festival, solicitando que se mantivese aberto o acceso ao expediente ou que se notificase calquera engádegas ao mesmo sen que tiveran constancia de que se engadise ao expediente autorización

algunha ou aclaración do patrocinio do festival por parte do Concello, atopando no dito expediente un documento de autoliquidación da taxa canon de ocupación e aproveitamento do dominio público mariño-terrestre do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para o expediente referido a dito evento, por un importe de 17.391,28 euros no que consta, como responsable do pago desa taxa, como suxeito pasivo, o Concello de Culleredo e non a empresa organizadora do evento que prevé obter 70.000 euros de beneficio, o que quere dicir que toda a veciñanza é a que paga a dita taxa.

Continúa o Sr. Méndez Mosquera e di que podería dicir que lle sorprende o que vén de dicir pero que non é así; que dentro do listado de facturas con reparos de Intervención que se achega coa documentación do pleno do mes de xaneiro, é dicir, daquelas das que non se pode tramitar o pago porque non contan cun contrato que as respalde, cun procedemento dentro dos termos legais que asegure que se respectaron os trámites requiridos pola Lei de Contratos do Sector Público -e engade que a veciñanza de Culleredo debe saber que hai miles e miles de facturas nesta situación-, hai dúas facturas emitidas pola empresa organizadora de dito festival pola compra de entradas por parte do Concello de Culleredo por un valor total de 32.360,90 euros; di que, en resumo, á empresa privada organizadora do Morriña Festival, que contaba cunha previsión de beneficio de 70.000 euros pola organización de seis concertos, a través dun patrocinio non existente, sen procedemento de contratación legal, sen ningún tipo de convenio, sen fiscalización posible por parte dos servizos xurídicos, económicos, pola Secretaría e Intervención do Concello de Culleredo, e polo que o seu grupo político puido saber pola documentación achegada polo equipo de goberno, sen sequera unha autorización ou licenza para a súa celebración, o goberno municipal pagou un total de 49.752,18 euros pola compra de entradas, novamente sen concurso público, sen contratación legal, sen convenio, e tamén polo pago dunha taxa que non lle corresponde pagar ao Concello e que non lle corresponde pagar á veciñanza senón que é a empresa organizadora do evento a que a debe pagar, tal e como fai cada negocio, empresa ou autónomo do Concello de Culleredo, que ten que pagar as súas taxas pois o Concello non llas paga, incluso nestos momentos de dificultade.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a dicir o Sr. Méndez Mosquera que queda demostrado que a política cultural do equipo de goberno para o Concello está intimamente ligada ás posibilidades de que o investimento lle permita saír nunha foto para a prensa, sendo o máis grave que todo isto que vén de explicar ocorre mentres o equipo de goberno leva xa dous anos sen realizar convocatorias de subvencións ás asociacións culturais do Concello de Culleredo, e pregunta se todos os membros do equipo de goberno defenden esa política cultural para o Concello, se esta forma de promocionar a cultura no Concello de Culleredo conta co apoio da concelleira de Cultura, se todos teñen a mínima idea do que pode supoñer a cantidade da que vén de falar, case 50.000 euros, para as asociacións culturais e sociais do Concello de Culleredo e se todos teñen a mínima idea do que supón esa cantidade, case 50.000 euros, para as empresas culturais, os promotores culturais e as creadoras do Concello de Culleredo, preguntando tamén se se lle pagan tamén a eles as taxas pola súa actividade e pedíndolle por favor ao Sr. alcalde que, en nome do grupo político do BNG e en nome da veciñanza de Culleredo, que tome as accións pertinentes para determinar e depurar responsabilidades na xestión nefasta do seu goberno municipal pola participación do Concello no dito evento e pola gravísima falta de respecto que supón para as asociacións culturais do Concello de Culleredo e para as artistas e creadoras, produtores e promotores de eventos do dito Concello.

Responde o Sr. alcalde e di que será atendido o rogo do BNG, indicando que é inexacto na súa exposición.

O Sr. Méndez Mosquera pregunta en que punto é inexacto.

Responde o Sr. alcalde e di que non é certo que se pagara unha taxa polo solo, pois isto aínda se está a dirimir con Costas, e que en ningún momento se falou de patrocinio ningún e que o Concello o único que fixo foi comprar entradas para os diferentes actos que houbo no Concello; di que pide disculpas se non se lle deu ao BNG toda a información solicitada e que lla achegará e que os técnicos municipais informan que o evento cumpre perfectamente con todos os requisitos legais para a súa celebración; di que o evento fíxose igual que noutras localidades e que

Culleredo non fixo patrocinio, algo que dixo xa antes, durante e despois do evento, facéndolle saber xa á empresa organizadora que Culleredo non é patrocinador do evento e que o patrocinio é cando hai un documento que así o indica, non sendo o caso.

A continuación solicita de novo o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que si se falou de patrocinio, que o cartel así o di e non viu que se replicase aos medios de comunicación que non se trataba dun patrocinio; di que o Sr. alcalde, nun dos últimos plenos, calificouse como un profesional da comunicación e polo tanto saberá que cando hai información inexacta nas comunicacións dos medios de comunicación corríxense os erros e polo tanto, se se cometeu un cando se recolleu o patrocinio de Culleredo o equipo de goberno debería telo dito; di que se poden mirar as actas pois falouse diso e tamén de que se estaba estudando o posible impacto económico do festival no Concello de Culleredo, o que indica que o Sr. alcalde anuncia primeiro o patrocinio, saíndo na foto, cando aínda non estaba nin medido ese posible impacto.

Segue a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que máis alá das inexactitudes no seu discurso mencionadas polo Sr. alcalde, o feito é que o BNG ten solicitado desde fai máis de tres meses o documento de pagamento da taxa, da que non se sabe se está pagada ou non pero si o compromiso de pago, aparecendo o Concello de Culleredo como suxeito pasivo nesa taxa; di que se non se pagou, si debería estar pagada antes de celebrarse o evento, e se non se pagou, si existe o compromiso de pagala, e que en ningún caso a veciñanza de Culleredo, nin o Concello de Culleredo, debería nin ter pagado esa taxa nin ter adquirido o compromiso de pagala porque isto é algo que non se fai con ningunha outra das empresas culturais de Culleredo; di que segue á espera de maior definición nas inexactitudes do seu relato das que falou o Sr. alcalde na súa intervención.

C.I.F. P-1503100-H

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que non hai intención de patrocinio e que o estudo do que se falou se fai precisamente para saber cal é o impacto e o retorno do festival no Concello de Culleredo pois, en calquera caso, supón unha ferramenta imprescindible para cando se fai un patrocinio xustificar o por que dese patrocinio, e que neste caso non houbo documento ningún que fale de patrocinio entre outras causas porque nin sequera se sabía se o mencionado evento se ía poder realizar.

O Sr. Méndez Mosquera intervén e di que daquela a situación é aínda peor porque se non existe patrocinio ningún non sabe por que o Concello de Culleredo paga unha taxa para unha actividade privada e por que compra 32.000 euros de entradas, unhas 1.000 entradas, para dito evento, e pregunta, se non hai convenio nin patrocinio, en base a que concurso público se fixo, e lle pregunta ao Sr. alcalde se está admitindo no pleno a ilegalidade da compra de ditas entradas.

O Sr. alcalde-presidente responde e di que el non está a admitir a ilegalidade de nada e que é a xustiza a que ten que determinar a ilegalidade de calquera cousa.

O Sr. Méndez Mosquera indica que de non tomar o equipo de goberno a determinación para depurar responsabilidades polas accións descritas en base a feitos, e non a inexactitudes como dixo o Sr. alcalde, o grupo político do BNG verase na obriga de trasladar toda esa información á Xustiza.

O Sr. alcalde-presidente di que el non negou en ningún momento que o cartel anunciador do evento puxera que o Concello de Culleredo era patrocinador pero que non houbo tal patrocinio.

O Sr. Méndez Mosquera pide que se aclare se houbo patrocinio ou non ao mesmo equipo de goberno pois membros do goberno municipal, na comisión informativa correspondente, si falaren de patrocinio.

Segue a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que o segundo rogo do grupo político do BNG vén motivado pola actuación do equipo de goberno na tramitación do anteproxecto do denominado Vial 18, de enlace entre a autoestrada AP-9 e a Terceira Rolda, que pretende partir en dous un monte entre A Laxe e o Carrizo e que

aumentará máis se cabe as dificultades de mobilidade nestas poboacións e terá un gran impacto ambiental e no deseño territorial do Concello de Culleredo; di que a veciñanza afectada por esta infraestrutura tense mobilizado nos últimos anos para esixir o estudo de alternativas con menor afección e que oferten acceso a estas vías aos cidadáns de Culleredo; di que non se debe esquecer que dita infraestrutura vai ligada á ampliación a 8 carrís da AP9 ao seu paso por Culleredo, desde O Burgo até a Corveira pasando por Vilaboa, O Regueiro, A Laxe, etc, e namentres séguese sen recibir resposta ás alegacións presentadas á tramitación do estudo de impacto ambiental de dito proxecto no que se reclamaba o estudo de alternativas cun impacto moito menor, maior servizo para a veciñanza cullerdense e cun custo moito menor e, sen embargo, descubriuse pola prensa que existe un expediente de 788 páxinas, denominado de información pública, pero que non pode ser consultado na web do Ministerio nin forma parte da documentación do anteproxecto, recolléndose en varias publicacións declaracións do Sr. Rioboo Castro celebrando un pacto ou acordo para dotar ao anteproxecto dun novo vial a maiores, paralelo ao xa proxectado, falando as novas de que existen estudos preliminares realizados pola Demarcación de Carreteras e de que o anteproxecto modificouse para contemplar as alegacións realizadas polo Concello de Culleredo.

Segue a falar o Sr. Méndez Mosquera e di que, con todo isto, lle roga ao equipo de goberno que cumpra coa mínima transparencia admisible, aquela que dicía que chegaba ao Concello de Culleredo co seu nomeamento como alcalde; di que a veciñanza cullerdense ten dereito a poder consultar toda a documentación referente a dita infraestrutura, a toda, e poder así exercer os seus dereitos con todas as da lei, defender os seus intereses e tomar as accións que considere oportunas; que o seu grupo non pode entender como nunha cuestión de tanta importancia se celebran acordos de costas á veciñanza e ocultando información na que basean tanta celebración.

C.I.F. P-1503100-H

Di que o grupo político do BNG roga ao goberno municipal que solicite ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a inmediata publicación de dito expediente como parte da documentación do anteproxecto recollida na web do Ministerio para que sexa accesible a toda a veciñanza do Concello de Culleredo e que se publicite nos medios municipais onde se pode consultar.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o goberno municipal atenderá o seu rogo pero que a solicitude xa está feita á Demarcación de Carreteras e á propia Subdelegación do Goberno.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que en primeiro lugar quere facer un repaso dalgúns dos puntos incluídos na orde do día da sesión que se está a celebrar e di que o punto número 3, cuxo título é "3.- Dación de conta de resolución da concelleira delegada de seguridade cidadá e persoal, de data 2 de decembro de 2021, relativa a declaración de caducidade de expediente disciplinario e declaración da extinción da responsabilidade disciplinaria (expediente UPO/2018/19)", refírese a un expediente disciplinario que se abriu no mes de febreiro do 2018 á persoa que naquel momento levaba as funcións da xefatura do servizo de obras e di que a lei di que os expedientes disciplinarios deben tramitarse con celeridade e resulta que dous anos despois de iniciado, en marzo de 2020, o señor ao que se lle abriu o dito expediente xubilase e deixa sen obxecto a sanción dous anos despois; di que o expediente disciplinario abriuse a instancias dun particular que previamente o denunciara á Fiscalía por estafa e polo que a Fiscalía apreciou indicios de delito e presentou denuncia no Xulgado que aínda está en trámite; di que o particular que refire achegou xunto coa denuncia no Concello fotos e documentación pola que este funcionario usaba o vehículo do Concello para asistir en horario de traballo, abandonando o seu posto e cometido, a obras dunha promoción de vivendas da promotora da que formaba parte como accionista e da que era director de obra incorrendo en incompatibilidade non recoñecida no seu emprego público, algo calificado como moi grave na relación de infraccións da Lei de emprego público de Galiza, e agora, dous anos despois de que o dito funcionario se xubilara e cando non procede aplicarlle sanción algunha, péchase o expediente en falso, sen contestarlle á persoa denunciante cando solicitou información sobre o estado da tramitación nin cando pediu certificación do silencio administrativo.

Segue a dicir o Sr. Chouciño Garrido que procede que se averigüen as causas que determinaron tal dilación de varios anos na tramitación dun expediente disciplinario que está determinado por lei que debería tramitarse con celeridade e agora, a maiores, na resolución pola se dá conta aos membros da corporación, o equipo de goberno falsea os datos intentando facer crer que o único feito polo que procedería sanción é un incumprimento horario cando o certo é que o feito é a incompatibilidade que existía cando o denunciaron e continuaba cando se iniciou o expediente, sendo comprobado coa certificación do rexistro mercantil que era administrador dunha empresa ao mesmo tempo que exercía de funcionario sen ter solicitado e polo tanto sen obter a compatibilidade.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido dirixese á Sra. Figueroa Fuentes e lle di que ela é a concelleira de Persoal, indicándolle que se non inicia inmediatamente un expediente informativo para averiguar as causas que determinaron a dilación do expediente debería dimitir.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño e di que no punto 6, relativo a dación de conta do acordo adoptado pola xunta de goberno local na sesión de data 29/11/2021 sobre aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria para a elaboración dunha lista de substitución de profesor/a de música do conservatorio do Concello de Culleredo, nas especialidades de varios instrumentos, e di que en anteriores ocasións o seu grupo político ten preguntado polo tema de problemas de persoal no conservatorio, facendo ver as anotacións recorrentes da secretaria municipal sobre a caducidade das listas de substitucións e que non eran útiles pero tivo que ocorrer que un particular denunciara para que se invalidaran as listas, quedando sen recurso ao que acudir para dar cobertura ás prazas que polo motivo que fora quedan sen cubrir entre o profesorado do conservatorio, motivando que as familias que pagan as súas taxas e fan o esforzo de levar ás crianzas ás aulas, non contan co profesorado que deben; di que o equipo de goberno puxo en marcha un novo proceso, ás presas e con eivas no procedemento, tarde, mal e a rastro e aínda así, resulta que o goberno municipal a día da sesión non foi quen aínda de publicar as listas provisionais de aspirantes, indicándolle á Sra. Figueroa Fuentes que, como concelleira de Persoal, debería asumir responsabilidades.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que respecto do punto número 7, relativo a dación de conta do acordo adoptado pola xunta de goberno local na sesión de data 09/12/2021 sobre declaración da caducidade dos procedementos selectivos incluídos na oferta de emprego público 2017 que non foron executados, ao goberno que se queixa reiteradamente de carencias de persoal, resulta que lle caducan os procesos para seleccionar persoal, nada menos que o do 2017, catro anos despois, e todo isto por cuestións das que estaban advertidos pois non se poden dedicar o 100% de prazas para promoción interna, algo exposto xa con xurisprudencia reiterada á que o equipo de goberno non fixo caso facilitando unha alegación que anula o procedemento e que, de facerse ben, daría lugar a unha selección de persoal que estaría mellorando as condicións do persoal, abondando unha vez máis coa presentación dunha denuncia dun particular para que quedaran bloqueados, tendo dereito dito particular a que se atendera a súa petición, debendo pedir o goberno municipal informe ao Consello Consultivo e resulta que o piden pero, ao pedir dito organismo unha aclaración, o equipo de goberno opta por deixar caducar o expediente intencionadamente, motivos polos que, dirixíndose á Sra. Marta Figueroa, dille que o ocorrido non é aceptable e que debería asumir responsabilidades e presentar a súa dimisión.

A continuación o Sr. Chouciño di que, en relación co punto número 8, no que se dá conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 09/12/2021 sobre a aprobación da oferta de emprego público para o ano 2021 e aprobación da oferta de emprego público complementaria para o ano 2021, di que o goberno municipal recunha de novo no mesmo erro e que ademais o fan á mantenta porque volve a destinar o 100% das prazas a promoción interna, cos mesmos informes desfavorables que recordan a xurisprudencia reiterada de distintos tribunais superiores que din que iso vulnera a igualdade no acceso á función pública, recuncando de novo e voltando ao punto de inicio, sumándose todas estas cuestións das que vén a falar ao numerío que o equipo de goberno está armando co tema de non darlle cumprimento a unha sentenza do Tribunal Supremo para cesar a unha traballadora

do servizo xurídico que foi condenada a oito anos de inhabilitación para emprego público, unha traballadora que compartiu ou comparte, di que se non se equivoca, sindicato coa Sra. Figueroa Fuentes.

Segue a falar o Sr. Chouciño Garrido e di que, respecto das funcións da Sra. Figueroa Fuentes na área de Seguridade Cidadá, di (e pon no seu teléfono móbil un son) que todos os veciños teñen que estar sen durmir por escoitar o ruído que se escoita na gravación que pon; di que parece que a algún dos membros da Corporación lle fai gracia o feito de poñer o video e que el o único que fai con iso é ilustrar o que está a ocorrer e o que os veciños teñen que aguantar todas as fins de semana na Praza da Ría en Fonteculler, sen que o equipo de goberno sexa capaz de poñer orden; di que a veciñanza da Praza da Ría leva meses, anos máis ben, coas molestias dun local de copas nocturno e que hai xente que tivo que marchar da súa casa para poder durmir noutro aloxamento, e xente que abandonou o piso que tiña alugado e xente que pensa en vender o seu piso para marchar dese lugar e posiblemente tamén de Culleredo; di que o equipo de goberno lle nega á veciñanza a información, pedida por escrito, dos expedientes que se supón que se abriron coas súas denuncias, alegando que por protección de datos non se poden dar cando o o que se pediu non foi o contido senón unicamente a relación de expedientes que se abriron despois do número de denuncias que se presentaron, e di que por denuncias non será porque o goberno municipal ten moitas chamadas e revisións da policía e saben da gravidade do asunto pero non fai nada, engadindo que non é o único local nin a única zona pois con distintas variantes o goberno municipal ten continuas reclamacións na rúa Anxo Senra, na rúa Pintor Tim Berhens, etc, e tamén diante da Valedora de Pobo; di que o equipo de goberno non ten vergonza e que está indo contra a saúde da xente e o seu dereito ao descanso e a unha vida en paz e tranquilidade.

Remata a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e, dirixíndose á Sra. Marta Figueroa, dille que por todas estas cuestións, e por ser ela a concelleira delegada de Persoal e de Seguridade Cidadá, debería asumir responsabilidades e presentar a súa dimisión, engadindo que se a Sra. Figueroa Fuentes non presenta a súa dimisión, debería cesala o Sr. alcalde e, dirixíndose ao Sr. alcalde, dille que se non cesa á Sra. Concelleira delegada de Persoal e Seguridade, debería dimitir el.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que nin vai dimitir a concelleira nin vai dimitir el e di que non vai calificar os argumentos dados polo Sr. Chouciño Garrido, ao que lle pregunta se a súa intervención quixo ser un rogo ou unha pregunta.

Responde o Sr. Chouciño Garrido e pregunta se ao Sr. alcalde non lle quedou claro que o grupo político do BNG roga que dimita a concelleira delegada de Persoal e Seguridade e que se non dimite que a cese o Sr. alcalde e que, se isto non se produce, que dimita el mesmo, preguntando se todas as cuestións das que vén de falar non lle parecen suficientemente graves e suficientemente ilustradas pois a el lle parece que si o son e que se o equipo de goberno tivera un mínimo de dignidade faría algo ao respecto e pediría responsabilidades.

O Sr. alcalde-presidente intervén e di que nin vai dimitir el nin vai dimitir a Sra. Concelleira delegada de Persoal e Seguridade.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira delegada do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, dirixíndose ao Sr. Chouciño Garrido, di que en case todas ou en todas as acusacións que vén de facer nos catro puntos que citou na súa intervención faltou á verdade, e lle invita a ver os expedientes e revisalos para así ter lexitimidade para ir ao pleno e pedir a dimisión de quen queira, e lle di que antes de facer iso lle diga á veciñanza de Culleredo a verdade de todo o que vén de relatar porque non é verdade o que dixo sobre que non se publicaron as listas de substitucións do Conservatorio pois si o están, que pediu que se abra un expediente informativo para averiguar o que pasou cando xa hai un informe do instrutor do expediente disciplinario, e engade que o dito informe está a disposición do Sr. Chouciño para cando o queira ler; di que o Sr. Chouciño na súa exposición non dixo nin unha verdade e que ela asumirá a lexitimidade do que o Sr. Chouciño Garrido pide cando diga a verdade, cando lea os expedientes de principio a fin e traia ao pleno algo coherente, e di que lle parece unha vergonza e que non quere entrar xa no tema da traballadora e da sentenza porque esa sentenza

86 de 90

refírese ao Concello de Sada e non ao de Culleredo, pedindo que non se siga con xuízos paralelos porque desta forma seguirase coa ditadura e a forma de pensar do Sr. Chouciño Garrido, sen respectar os prazos xudiciais; di que hai que respectar os prazos xudiciais e que hai que ser respetuosos coas sentenzas e cos dereitos que ten a xente a defenderse, sen pasar o rodillo cando dá a gana ou poñer nota na Voz de Galicia porque o equipo de goberno respecta os prazos xudiciais e lle di ao Sr. Chouciño que pensa que non leu a sentenza da que falou na súa intervención nin o acto executorio porque se os lera non se lle ocorrería dicir nun pleno o que vén de dicir.

De seguido o Sr. alcalde pregunta se hai algún rogo ou pregunta máis e, dirixíndose ao Sr. Chouciño, lle pregunta se rematou co seu rogo.

Responde o Sr. Chouciño Garrido e di que podería replicar a cada unha das cuestións pero que, simplemente polo interese, di que a Sra. Figueroa Fuentes di que xa existe un expediente disciplinario e que existe un informe polo que pide se lle aclare se é así.

Responde a Sra. Figueroa Fuentes e di que existe un informe do instrutor e que todo expediente disciplinario o asume un instrutor cun secretario porque non é un tema político; que a ela non a pode enganar porque viu que existe dito informe e que polo tanto so pode enganar ao resto se quere, invitando ao Sr. Chouciño, ao igual que fixo noutro pleno co rogo feito por el e pola Sra. Izaskun, no que tamén os invitou a sentarse co goberno municipal para ver o expediente e aínda seguen agardando, a que lea os expedientes antes de facer afirmacións do calado das que vén de facer porque non se está a falar de tonterías senón de cousas moi serias e que se ben é certo que non se fai todo o ben que se quixera, como lle pasa a todo o mundo, o que non vai facer é asumir cousas que non son verdade e permitir que o Sr. Chouciño chegue ao pleno a poñela colorada polo que lle pide ao Sr. Chouciño un pouco de seriedade e que vexa os expedientes.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido e di que, respecto das listas do conservatorio, mirou antes de saír da casa a páxina web e non están e que, respecto do expediente disciplinario, hai unha nota informativa da secretaria, que ten na sesión, e da que di vai ler parte do texto que contén porque non quere alongar máis a súa intervención e le o seguinte:

“Dende o punto de vista formal (.../...) A resolución remítese (.../...) pola concelleira (.../...) sen que con carácter previo á sinatura se remitise o expediente a Secretaría para o seu exame *(di que ten na sesión o documento e que o está lendo e, dirixíndose á Sra. Figueroa Fuentes, engade que ela lle di que se mire os expedientes, e pregunta se de verdade llo di a el, ao voceiro do BNG, e que segue coa lectura do documento)*, (.../...) reitero unha vez máis o solicitado xa en reiteradas ocasións de que se remitan os expedientes a secretaria, con carácter previo (.../...) e así poder exercer as funcións legalmente reservadas pola normativa vixente (.../...) O informe do xefe de gabinete técnico (.../...) non contén exactamente nas súas conclusións a parte dispositiva da resolución (.../...) os informes para resolver os expedientes se redactarán en forma de proposta de resolución e contendrán, entre outros extremos “c) *Pronunciamientos que haya de contener la parte dispositiva*” (.../...)”

B) En canto ao fondo do asunto, (.../...) o expediente disciplinario iniciouse (.../...) en febreiro de 2018 *(e di que a dito funcionario)* (.../...) se xubilou con efectos do 16 de marzo de 2020.”

O Sr. Chouciño Garrido di que vai saltando parágrafos para non alongar demasiado a súa intervención e continúa coa lectura de parte do contido do informe antedito e di:

“(…/…) procedería que se averigüen as causas que determinaron tal dilación(de máis de dous anos), (.../...) os procedementos disciplinarios se deben rexer por, entre outros, o principio de celeridade (.../...) Polo tanto, en aras a transparencia que debe presidir a actuación das Administracións Públicas procedería que se esclarezan as circunstancias (.../...) Noutro orde de cousas, (.../...) consta no expediente (.../...)” e di que consta que solicitou que se lle expida certificación de resolución expresa do silencio administrativo a persoa que denunciou e que este certificado debe expedirse poolo órgano competente para resolver no prazo de quince días e que non se fixo; di que

podería ler máis pero que non o vai facer porque non quere aburrir máis ao público con cuestións nas que a Sra. Figueroa Fuentes pretende enredar e que o BNG nunca minte como ella dixo na súa intervención.

A continuación o Sr. alcalde-presidente lle di ao Sr. Chouciño que se realmente ten máis cousas que as lea pero que non as ten.

O Sr. Chouciño Garrido di que a traballadora condeada a oito anos de inhabilitación segue a traballar no Concello de Culleredo.

O Sr. alcalde-presidente insiste en dicir que se o Sr. Chouciño Garrido ten máis cousas para ler que as lea pero que nin as ten nin as leu e que leu so unha parte sesgada.

O Sr. Chouciño Garrido di que el contaba con calquera cuestión por parte do equipo de goberno pero non que se reiterara nos seus erros, nas súas cafradas e nos seus chanchullos e que non contaba que o goberno municipal chegara a ese nivel.

O Sr. alcalde-presidente di unha vez máis que as lea, que non as ten e que por iso non as pode ler.

A continuación intervéñen o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera, e di que o goberno municipal pode consultar o acceso aos expedientes por parte dos membros do BNG porque o ten na sede electrónica, pedíndolle ao goberno municipal que non pretenda enredar porque sabe perfectamente que os membros do grupo político do BNG solicitan expedientes, reiteran as súas solicitudes de acceso aos expedientes cando non se lles dá acceso e que na súa intervención anterior acaba de dicir que leva máis de tres meses agardando por un documento ao que non dan acceso; que o equipo de goberno sabe perfectamente que os membros do grupo político do BNG accede a todos os expedientes de todos os plenos, e lle pide que deixen de mentir e de falar mal do grupo político do BNG porque o goberno municipal sabe perfectamente que ao dito grupo non lle poden poñer pega ningunha.

Segue a falar o Sr. Méndez Mosquera e recorda que nunha ocasión o Sr. alcalde, nunha sesión plenaria, lle indicou que lle tiña que manter o respecto e agora el lle pide ao Sr. alcalde que manteña o respecto por todos os grupos municipais e polo traballo da oposición que representa aos veciños do Concello ao igual que o fai o Sr. alcalde, e que asuma o que está nos expedientes sobre os que os membros do seu grupo político traballan porque a labor dos concelleiros e concelleiras non é só asistir ás sesións plenarias senón que hai moito traballo previo na casa e cada un sabe o tempo que lle adica, pedindo unha vez máis que se respecte o traballo dos grupos da oposición e se dea transparencia aos expedientes.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que, en primeiro lugar, pensa que el nunca lle faltou ao respecto a ningún grupo e, en segundo lugar, que os membros da corporación municipal non poden ler o que non teñen, e que por iso invita unha vez máis ao Sr. Chouciño Garrido a que siga lendo.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo trae á sesión unhas preguntas.

En primeiro lugar, a Sra. García Gorostizu pregunta polo período medio de pago a provedores, pois di que saíu anunciado que Culleredo en comparación con outros concellos era líder no resultado do período medio de pago, amosándose o resultado do primeiro trimestre pero non do segundo, no que xa subira a 28, nin do terceiro, no que subira a 36, preguntando se o goberno municipal conta co dato relativo ao cuarto trimestre e canto tempo pasa desde que entra a factura no rexistro ata que é aprobada porque xa se sabe que todos os reparos que hai no Concello en relación coas facturas que se presentan alongan ese período medio de pago.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que lle facilitarán o dato.

En segundo lugar, a Sra. García Gorostizu di que o seu grupo quere presentar tamén un rogo en relación coa conectividade no rural pois xa no mes de xuño o seu grupo político trouxo ao pleno unha moción instando á Xunta e ao Ministerio o cumprimento do compromiso feito en relación coa instalación de fibra en todo o rural pois eles reuníronse con representantes da Xunta que lles confirmaron que as zonas de Culleredo están todas cubertas e que

están pendentes só as zonas que pertencen ao Estado, polo que preguntan polas xestións feitas polo equipo de goberno para dotar de banda ancha ao rural de Culleredo e que xestións vai realizar ao longo destes meses porque é unha demanda que os veciños e as asociacións fan continuamente e unha necesidade detectada no Concello.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que a Xunta e o Estado son os que teñen a corresponsabilidade respecto de instalar banda ancha no rural e que, respecto das actuacións realizadas, a el cónstalle que hai algunhas zonas que por temas de trámites teñen unha demora de sete ou oito meses pero que o que indican desde Madrid e desde a propia administración autonómica é que coa instalación da banda ancha 5G vaise tratar de, provisionalmente, suplir algunhas das carencias que se detectaron e poder chegar con banda ancha a algunhas zonas; di que os retrasos que marcan en canto a periodos establecidos son de aproximadamente nove meses e que, respecto dos trámites que se fan dentro do propio Concello, este trata de axilizar todo o posible e facilitar o uso de instalación e desde Gabinete da Alcaldía están a chamar continuamente incluso aos propios instaladores para tratar de axilizar os trámites porque hai algunhas zonas ás que é difícil acceder; di que o retraso existente non é soamente en Culleredo senón que en toda Galicia pasa o mesmo polo que se prevé que en vez de terminar no 2021, como estaba previsto, acabárase no 2022 porque hai ese periodo de demora do que falou de nove meses, e di tamén que moito dependerá da inxección de cartos que haxa para que as empresas poidan axilizar as instalacións necesarias.

A Sra. García Gorostizu lle pide ao Sr. alcalde que o equipo de goberno estea encima deste tema porque non pode ser que ocorra iso.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que ese é o sentimento de todos e que comentando con outros concellos pasa en todos o mesmo.

A continuación a Sra. García Gorostizu di que outro rogo do seu grupo é en relación ao campo de fútbol de Almeiras pois varios pais chamaron a membros do seu grupo político dicindo que as obras se están alongando e os xogadores están sen poder utilizar vestiarios, sen poder utilizar os baños, non hai bochinche, existindo tamén problemas coa auga pois o campo parece que non filtra ben a auga cando chove a pesar de ser un campo no que se cambiou o céspede fai moi pouco tempo, o que amosa que non quedou como debería ter quedado.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que respecto do que amosa a Sra. García Gorostizu sobre os problemas de drenaxe xa se están a solucionar os que existían nunha zona concreta do campo e que, respecto dos vestiarios, si os hai e, segundo indica o concelleiro de Deportes, sempre se pón a disposición o pavillón de Almeiras, habendo un protocolo en fútbol base, que é mixto, para o seu uso, pois non todos os campos de equipos modestos teñen 4, 6 ou 8 vestiarios; di que o goberno municipal está en perfecto contacto coa directiva e que esta xa sabe que o Clube Xuvenil de Almeiras tería que facer unha cesión ao Concello de Culleredo do campo en propiedade.

A continuación a Sra. García Gorostizu di que o seu grupo ten tamén unha pregunta pois a obra da Praza de Galicia xa está licitada e queren saber cando se vai empezar.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que a obra non está licitada, que está en Patrimonio pendente de solucionar uns problemas pois a obra da Praza de Galicia parte do límite con Cambre e vén desde a zona da ponte da ría con dúas actuacións distintas pero con sinerxias en canto a materiais, sendo o que solicita Patrimonio que se aclaren algunhas cuestións no que respecta á tapa do garaxe que hai que arranxar porque enriba dela hai unha vexetación que os técnicos consideran que non pode estar aí porque podería ocasionar problemas estruturais; di que, á vista dos proxectos de humanización que hai na praza de Galicia e en todo ese entorno, desde a igrexa do Burgo ata o límite coa parroquia de Almeiras e na Costa da Lonxa, o que se pide é que haxa un criterio único no mobiliario ou nas zonas de aparcamento para que leven unha consonancia; di que o equipo de goberno está xa en disposición de pechar o proxecto e que en poucos días manteráse a reunión definitiva con Patrimonio porque as cuestións a solucionar, aínda que leva tempo corrixilas, son leves; di que hai tamén outra cuestión relacionada porque nunha zona da praza de Galicia e nunha zona da igrexa o goberno municipal quere elevar a calzada para mellorar a seguridade e que se ía poñer con asfalto impreso simulando adoquín e Patrimonio considerou que esa obra non entra dentro do código técnico establecido para entornos próximos ao Camiño de Santiago, cuestións estas engorrosas que retrasan os procedementos pero que, de todas formas, desde Contratación din que cando se incorporen os remanentes e se aprobe o orzamento posiblemente se estea xa en prazo xa para licitar esta obra.

A Sra. García Gorostizu di que tamén quere preguntar polo ruído que hai na urbanización La Ría sobre o que o seu grupo presentou un rogo xa hai máis de dous meses, querendo saber que actuacións levou a cabo o Sr. alcalde para intentar solucionar todo iso e que ten previsto facer.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que ten que informar co maior coidado porque parte das actuacións feitas na zona están en coordinación coa Subdelegación do Goberno e que prefire omitilas e darlle información aos distintos voceiros municipais persoalmente; di que no que respecta ao presidente da Ría, o goberno municipal xa informou ao administrador das fincas, ao letrado e aos distintos veciños que viñeron ao Concello en representación da comunidade que se está actuando en consecuencia do que provoca o local situado nesa zona e que todas as partes son conscientes da dificultade que ás veces conleva o mantemento da orde pública e os incumprimentos que poida haber dentro do propio local e que tanto por parte da Policía Local como por parte dos técnicos municipais estase instruindo un expediente para determinar en que aspectos puede ese local infrinxir a normativa existente e en consecuencia, aplicarlle o expediente disciplinario correspondente na medida en que se califique por parte dos instrutores como unha falta leve, grave ou moi grave; di que xa se lle expuxo ao administrador da propiedade de fincas que leva a coordinación de todos os bloques, ao propio presidente de toda a comunidade, a algúns veciños que acudiron ao Concello e ao propio letrado que está asistindo á comunidade e ao administrador de fincas, cunha actitude de colaboración pero sendo conscientes do difícil que é chegar ao obxectivo que se pretende porque hai que demostrar que o que se denuncia é así e iso ten un procedemento que é o que se está a facer para poder determinar a procedencia de pechar o local ou aplicar unha sanción.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta e catro minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

C.I.F. P-1503100-H

Vº e praxe,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)